



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 24 DE NOVEMBRO DE 2011.-

<u>Sres. Asistentes:</u> <u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo. <u>Sres. Concelleiros:</u> D^a MARIA VICTORIA MONTENGRO PAZ D. JOSE EUGENIO FERNANDEZ LAGO D^a OLIMPIA MARCOS GARCIA D. JOSE JUAN VILAR RICO. D. JOSE MANUEL CENDAN FERNANDEZ. D^a MARIA MERCEDES GRANDE REGUEIRO. D. JUAN MANUEL SIXTO GALIANO D^a JOSEFINA MARTINEZ MARTINEZ. D. EMILIO MESIAS FARIAS. D. ANGEL MIGUEL FERNANDEZ PERMUY. D. LUIS CENDAN FERNANDEZ. <u>Non asiste con excusa:</u> D. JOSE SALVADOR FERREIRO MONTENEGRO. <u>SR. SECRETARIO.:</u> D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as dez horas e trece minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil once, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia, do Sr. Alcalde-Presidente, D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros, que o marxe se relacionan, actuando como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez. Aberta a sesión pola Presidencia entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:
--	--

Punto núm. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE ACTA DE 09-11-2011.-

O Concello Pleno por unanimidade acorda presta-la súa aprobación a acta da sesión celebrada polo Concello Pleno o día 9 de novembro de 2011.

Punto núm. 2.- DAR CONTA DA SENTENZA DO T.S.X.G DE 25-10-2011. "CAFÉ BAR O LAGO".

Dase conta da Sentenza do T.S.X.G. de 25-10-2011 "Café Bar O Lago na que se emite o seguinte FALLO:

"FALLAMOS: Que procede, con arreglo a los Arts. 68,1 b) y 2; 70.1 "ab initio", 82 y 85.9, de dicha Ley núm. 29/98, de 13 de julio, la desestimación del recurso de apelación promovido por la Representación legal de DOÑA MARIA DEL CARMEN ABEAL BOUZA, contra aquella Sentencia de fecha 13 de diciembre de 2010, dictada por el Ilmo. Sr. Magistrado-Juez titular del Juzgado de lo Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol (Coruña) por la que se le desestimó su recurso contencioso-administrativo promovido contra la Resolución de fecha 8 de Octubre de 2008, dictada por el Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente del Excmo Ayuntamiento de Ares (Coruña), por la que se acordó la clausura a título cautelar de aquel local hostelero denominado "Café-



Bar O LAGO", sito en Rúa Anxos, núm. 215, en Ares (Coruña), sin perjuicio de que asimismo quepa formular singularizada imposición de las correspondientes costas procesales con arreglo al criterio general del vencimiento apelatorio, establecido por el Art. 139.2 "ab initio" de igual Norma legal procesal contencioso-administrativa, a aquellas referida promovente y apelante ahora asimismo "ad quem" desestimada."

O Sr. Alcalde manifesta que houbo unha denuncia duns veciños, en consecuencia se procedeu ó peche de ese establecemento, evidentemente non se cumpreu, o peche, lóxicamente foi o Contencioso e o Concello en lugar e esixir o peche e o precinto decido esperar a que recaiga Sentenza, recae a Sentenza que lle da a razón o Concello, se apela e volve a caer Sentenza que lle da a razón ó Concello, en consecuencia agora o que ten que facer e presentar un proxecto, para facer as reformas efectivamente necesarias para que lóxicamente teñan corrección algúns elementos que denunciaba precisamente a veciña, como a saída de fumes ruidos e demais.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 3.- DAR CONTA SENTENZA T.S.X.G. DE 13-10-2011, "PROINGA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L."

Dase conta da Sentenza do T.S.X.G. de 13-10-2011 "PROINGA SERVICIOS DE INGENIERIA S.L." dándose lectura polo Sr. Secretario o FALLO:

"FALLAMOS: Que debemos DESESTIMAR Y DESESTIMAMOS el recurso de apelación interpuesto por PROINGA SERVICIOS DE INGENIERÍA S.L." conta la Sentencia de fecha 17 de febrero de 2011 dictado por el Juzgado de lo Contencioso Administrativo núm. 1 de Ferrol en el procedimiento contencioso administrativo número 314/2009, con expresa imposición de costas a la parte recurrente, con una limitación de 900 euros por lo que se refiere a los honorarios de letrado."

O Sr. Alcalde manifesta que hai catro anos cando se produce o cambio de goberno, había unha empresa que se chamaba PROINGA que xestionaba o Catastro, o grupo de goberno non estaba de acordó con algunhas cousas que sucederon, e rescindiu o contrato, a Empresa foi a xuízo, e bueno efectivamente perdeu lle desestiman a apelación e en consecuencia, lóxicamente non da lugar as peticións que formularon contra o Concello.

O Concello Pleno dase por enterado.



Punto núm. 4.- DAR CONTA AUTO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO DE FERROL DE 20-10-2011 "ARQUIVO RECURSO INTERPOSTO POR KONKRETO 2000 S.L. CONTRA DESESTIMACIÓN CONCESIÓN LICENZA DE 1ª OCUPACIÓN".

Dada conta do Auto Xulgado Contencioso-Administrativo de Ferrol de 20-10-2011, "Arquivo recurso interposto por Konkreto 2000 S.L." contra desestimación concesión lizeza 1ª ocupación", coa seguinte PARTE DISPOSITIVA:

ARCHIVAR: Sin más trámites el presente recurso contencioso-administrativo, interpuesto por la representación procesal de KONKRETO 2000 S.L. contra CONCELLO DE ARES, sobre DESESTIMACIÓN CONCESIÓN LICENCIA PRIMERA OCUPACIÓN."

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta, que a urbanización que hai na entrada de Ares tamén ten loxicamente denuncias por parte dun veciño e ademáis canpledo solicitaron a licencia de primeira ocupación, os técnicos municipais foron a facer o informe de inspección correspondente e fixeron o informe desfavorable, en consecuencia non se lles deu a licencia de primeira ocupación, eles loxicamente en defensa dos seus dereitos acudiron os tribunais e en virtude deste auto se lle da a razón ó Concello, e a licencia de primeira ocupación está loxicamente ben desestimada.

O Concello Pleno dase por enterado.

Punto núm. 5.- APROBACIÓN SE PROCEDE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 3/2011.

O Sr. Alcalde-Presidente manifesta que trátase da modificación de créditos que se levou á Comisión de Facenda, e que estaba vencellada ó tema do aforro de retribucións.

O non haber intervencións sometese a votación e o Pleno do Concello por 9 votos a favor (6 PSdeG-PSOE 2 BNG e 1 NAL), e 4 abastencións, acorda prestarlle a súa aprobación o expediente de modificación de Créditos núm. 3/2011, e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

1º.- Aprobación inicialmente o expediente de Modificación de Créditos núm. 3/2011.

2º.- Someter o presente a acordo a información pública por prazo de quince días, mediante publicación de anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante dito prazo poderá examinarse o expediente e formular, no seu caso, reclamacións ante o Pleno.

3º.- Caso de non existir reclamacións entenderase aprobado definitivamente.

4º.- Unha vez aprobado definitivamente se publicado o resumo por capítulos do citado expediente no Boletín Oficial da Provincia.



5º.- No caso de alcanzar a aprobación definitiva os estados e ingresos e gastos do presuposto en cuestión quedaran do seguinte xeito:

ESTADO DE GASTOS:

A) OPERACIÓNS CORRENTES

	CONSIGNACION ANTERIOR.	AUMENTOS	BAIXAS	CONSIGNACIÓN FINAL.
CAPITULO 1	2.454.617,63	-----	-----	2.454.617,63
CAPITULO 2	1.995.356,04	-----	-----	1.995.365,04
CAPITULO 3	110.820,00	-----	-----	110.820,00
CAPITULO 4	288.509,30	-----	-----	288.509,30

B) OPERACIONES DE CAPITAL.

	CONSIGNACION ANTERIOR.	AUMENTOS	BAIXAS	CONSIGNACIÓN FINAL.
CAPITULO 5	00,00			00,00
CAPITULO 6	1.203.863,55			1.203.863,55
CAPITULO 7	38.917,43			38.917,43
CAPITULO 8	5.000,00			5.000,00
CAPITULO 9	220.000,00	38.613,79		258.509,30
TOTAL	6.317.083,95	38.613,79		6.355.697,74

ESTADO DE INGRESOS:

CAPITULO 1	1.566.919,13	1.566.919,13
CAPITULO 2	215.517,00	215.517,00.-
CAPITULO 3	850.050,40	850.050,40.-
CAPITULO 4	2.856.898,18	2.856.898,18



CAPITULO 5	128.412,00			128.412,00
------------	------------	--	--	------------

b) OPERACIÓNS DE CAPITAL.

CAPITULO 6	0.00			0.00
------------	------	--	--	------

CAPITULO 7	552.998,08			552.998,08
------------	------------	--	--	------------

CAPITULO 8	289.362,51	38.613,79		0,00
------------	------------	-----------	--	------

CAPITULO 9	0,00			0,00
------------	------	--	--	------

TOTAL.	6.460.157,30	38.613,79	----	6.498,771,09
---------------	---------------------	------------------	-------------	---------------------

Sometido a suntu a votación, o Pleno do Concello por 8 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 NAL) e 4 abstención do Grupo Popular acorda prestarlle a súa aprobación o presente expediente de modificación de créditos.

Punto núm. 6.- APROBACIÓN SE PROCEDE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN AS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS 2012).

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que como xa falamos aquí había actuacións urxentes que incluso foron demandadas pola oposición, que era a reparación urxente de camiños, e en consecuencia parte vai a esa reparación urxente de camiños, e despois detectamos un uso fraudulento de auga, nos castros, pensamos que son moitísimos metros cúbicos os que extanse a defraudar, por unha tubería de uralita, en consecuencia temos que actuar porque parece ser que dalgunha maneira pois hai unha utilización unhas enganches que bueno que permiten un uso da auga sen que pase polos contadores, entón hai aí unha bolsa importante de auga que non se controla por parte de AQUAGEST. A instancias de AQUAGEST efectivamente metese esta obra porque eles consideran que isto é necesario actuar para evitar, precisamente pois esas fugas, e esa utilización.

Polo Sr. Secretario manifestase, no punto segundo aprobar o Plan Complementario figura o POS 2011, e dicir no punto segundo é renunciar á obra complementaria porque a obra principal que son 64000 euros non dá para unha obra complementaria co cal minoraran a aportación municipal e do Estado.

O Sr. Alcalde: e outro dato o 40% reservase para gasto corrente como xa fixemos o ano pasado, do 100% do POS o 40% usase para financiar gasto corrente aínda que este ano podía ser a metade, pero efectivamente mantemos o criterio que xa se aprobou no Pleno o ano pasado.

Aberto o turno de intervencións toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesías Fariás: O Plan de Obras e Servizos, entendemos que é un Plan para facer Obras aínda que é certo o que



acabas de dicir agora que se permite destinar un tanto a gasto corrente, pero senón aproveitamos os diñeiros específicos para obras, as que imos facer cando a economía non vai ben logo estas obras non se van poder facer, destinar unha parte a conta corrente, e privar dalgunha maneira á veciñanza de obras necesarias, polo tanto é importante xestionar ben polo que ó capítulo de gasto corrente se refire, para poder destinar a totalidade do diñeiro a realizar as obras, aínda así o noso voto vai a ser favorable, pero suñando que nos preferiríamos destinar máis diñeiro as obras.

Interven o Voceiro do Partido Popular Sr. José Manuel Cendán Fernández, manifestando que o que non nos gusta é a forma de proceder desde que ven a Orde desde a Deputación, para a convocatoria do POS o que non pode ser é que eu vexo que son obras necesarias neso coincidimos, e todas serán necesarias pero o procedemento non é o máis adecuado, esto hai que lévalo a unha Comisión Informativa dicir que xa convocou a Deputación o POS, se abre un período para facer os proxectos e a iniciativa que ten por parte do goberno, que ten que levar a iniciatia, pois presentar uns proxectos e nos alí argumentar se nos parecen ben, se nos parecen mal, e encargar os proxectos, eu creo que traer a toro pasado, traer aquí o POS sen pasar por Comisión e sen pasar por nada, eu creo que non é o procedemento máis adecuado, creo que hai outro tipo de obras que vamos a facer despois en rogos e preguntas, exactamente o mesmo que se vai a executar, ou se esta empezando a executar e que por parte do goberno municipal non se deu conta á oposición nin a ningún órgano colexiado, creo que non é a maneira de proceder, nos estamos de acordo coas obras pero polo procedemento vamos a abasternos.

Rematado o debate sometese a votación o asunto e o Pleno do Concello por 9 votos a favor (6 PSdeG-PSOE, 2 BNG, 1 NAL) e 4 abstencións do PP, acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

1.- Aprobar o **Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS 2012)**, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e a dedicación a gastos correntes do exercicio 2012, e de acordo co financiamento que se indica:

A) Realización de obras:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total.
Reparación, mantemento e mellora de vías municipais	29663,08	1.561,22	31.224,30
Renovación da rede de abastecemento de auga potable a Os Castros	31.223,80	1.643,89	32.877,69



SUBTOTAL OBRAS	60.896,88	3.205,11	64.101.99
-----------------------	------------------	-----------------	------------------

Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2012 e que se relacionan nesta táboa.

B) Financiamento de gastos correntes:

Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes	73.398,60
---	------------------

C) Resumo:

Denominación da obra	Estado + Deputación	Concello	Presuposto total.
SUBTOTAL OBRAS	60.896,88	3.205,11	64.101.99
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES.	73.398,60	-----	73.398,60
TOTAL	134.295,48	3.205,11	137.500,59

2.- Declarar que o Concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal de 2012 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade 2012.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta prodúcese efectivamente.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administración públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administración para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordó e o correspondiente expediente.



CONTROL E FISCALIZACIÓN ORGANOS DE GOBERNO.

Punto núm. 7.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓN DICTADAS POLA ALCALDÍA PRESIDENCIA DENTE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolución adoptadas pola mesma dende a celebración da última sesión plenaria ordinaria, ós efectos de control e fiscalización dos órganos previsto no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Concello Pleno por unanimidade dase por enterado.

Punto núm. 8.- MOCIÓN E PROPOSTAS.

A) Moción PSOE (PLAN CONCERTADO)".

Interven o Sr. Alcalde-Presidente, manifestando que hai 3 mocións e unha Declaración Institucional, se se aproba a declaración institucional será leída mañá, e estades invitados a asistir a lectura da Declaración Institucional, que se fará mañá aquí no Concello nun pequeno acto.

Empezamos pola primeira Moción que ten moísimos que ver coa segunda moción, e eu propoñería, falar delas nun único punto e en consecuencia para a exposición da Moción do PSOE do Plan Concertado, ten a palabra o voceiro do PSOE para explicar o que efectivamente pedimos.

Interven o Voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Fernández Lago, no primeiro punto rectificar, a través das medidas urxentes necesarias, os recortes implantados polo Goberno Galego no Plan concertado e garantir, polo menos, a cobertura orzamentaria de 2009.

Garantir o mantemento dos programas, actuacións e servizos dependentes do Plan concertado que existían no ano 2009.

Facultar ao Sr. Alcalde-Presidente para exercer as accións legais que procedan en defensa dos dereitos sociais dos seus veciños/as.

Toma a palabra o Voceiro do BNG. Sr. Mesias Farias, vou a leer os acordos ós que se chegaría:

Instar a Xunta de Galicia á restitución inmediata dos créditos eliminados para o financiamento do Plan Concertado do ano 2011, que significou o recorte de 2,4 millóns de euros, que permitirá continuar cos programas englobados no citado plan de servizos sociais e de prestacións básicas e atención ás familias e colectivos con problemas.

Instar á Xunta de Galiza a que nos Orzamentos do ano 2012:



-Garanta como mínimo as cantidades consignadas no 2009 para o Plan Concertado e o Programa de Servicios Sociais Comunitarios.

Atender así mesmo á execución do Plan Especial de Atención á Comunidade Xitana e o Programa de Atención a Persoas sen Fogar, polo gran incremento sufrido.

Restablecer e incrementar os fondos destinados aos concellos para apoio ás familias.

3. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado o mantemento das cantidades que a Administración do Estado tiña destinadas o pasado ano 2010 ao cofinanciamento dos Plans e programas sociais, minorados polo acordo do Consello de Ministros no mes de febreiro pasado.

En resume sabemos que os tempos son malos, pero este tema é importante, e é canto máis importante canto peor serán os tempos porque a xente estará en peores condicións, nos vamos a votar favorablemente as dúas mocións.

O Voceiro do PSdeG-PSOE, Sr. Fernández Lago, di que o seu grupo despois de escoitar a Moción do BNG retiramos a nosa e apoiamos plenamente a Moción do BNG.

Aberto un turno de intervencións, toma a palabra o voceiro de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, eu simplemente quería dicir que calquer recorte ou axuste que se faga a un servizo fundamental como é este é unha boa noticia pero está problemática, hai que encadrala na situación real que estamos vivindo e según parece que polos analistas que están dicindo que o ano que ven vamos a entrar incluso en recesión, os gobernos dalgunha maneira están reaxustando os seus presupostos, eu sei que un recorte nun presuposto de 47 millóns, un reaxuste como ven na Moción de 2,4 millóns na partida e un axuste un recorte se é así, e como se anuncia bastante considerable, eu sei que vai a afectar seguramente ó servizo de base de axuda a domicilio e a contratación de persoal, pero por outra parte tamén entendo que as Administracións están obrigadas a reaxustar os seus orzamentos, e ogalla fora so neste concepto, me temo que seguramente o ano que ven no exercicio vanse a reaxustar máis partidas que todo esto. Por outro lado temos as declaración que a días pasados, de facer a denuncia o Partido Socialista, en canto ó tema do recorte, saliu en roda de prensa o Presidente da Xunta e a Conselleira do Departamento, anunciándonos de que os Concellos, a partir do 2012, se lle vai a tratar de adiantar as cantidades, que viñan percibindo en dúas anualidades en canto o servizo base e en canto ó de dependencia, para ser que os abonos a conta van a ser trimestralmente, nese sentido se intenta ou se vai a procurar de favorecer en canto á liquidación dos Concellos, por outra parte temos que según todos os datos e as notas que se poden leer ó respecto, que por parte do Goberno Central, e se di na Moción que se está discutindo aquí que demandemos a parte que non se ingresa por parte do Estado, por eso que aquí todo o mundo ten moito que dicir, ó respecto, os incumprimentos son dunha Administración e de



outra a Xunta non ten a financiación que por Lei está aprobada, con o que non pode repercutir da maneira que o mellor quixera nos Concellos, e por parte da Xunta agora, que nos anuncia que vai a facer, que vai haber un reaxuste con respecto á partida de 2,4 millóns. Nos pensamos que a situación é difícil, non nos vamos a pronunciar, sabemos que hai fallos plas dúas partes, polas dúas Administracións e o final quen a paga e o Concello que é o último tramo da Administración e por riba cos problemas de financiación que temos os Concellos e as Entidades Locais, polo tanto a nosa posición o respecto vai a ser a abstención neste tema.

Interven o voceiro do Partido Popular D. José Manuel Cendán Fernández, bos días en principio, o que hai que coller é a realidade e ver, por parte do BNG se falou da aportación, da cofinanciación do Estado que baixou en 2,4 millóns de euros, lle baixou á Comunidade Autónoma, a Comunidade Autónoma estaba recibindo 47 millóns de euros todos os anos e pasou a percibir 44,6 millóns de euros, 2,6 millóns de baixa para o Plan Concertado por parte do Estado, que es quen incumple. Con respecto os recortes que se fixeron en algún Concellos se achaca por parte da Administración, que según dos datos facilitados non tiñan atendidos o número de persoas coas horas inicialmente indicadas no 2010. Entón que pasa, que nos Concellos onde non se xustificou ben a 31 de decembro de 2010 baixaron, e nos baixaron 10.000 euros, polo tanto dicir que a situación sabemos que é complexa que eles achacan a que non se xustificou as horas como tiñan que xustificarse, pero dicir que para o ano 2012 se vai a pagar o 50% no primeiro cuatrimestre, se vai adiantar e aparte que estamos falando do Concello de Ares, o Concello de Ares por parte de dependencia no ano 2010 recibiu 185.000 euros, e no ano 2011 recibiu 285.000 euros, por a Lei de Dependencia. Dicir que por parte do Goberno Municipal, xa habíamos nos alarmado que se había perdido unha subvención do CIM de 40.000 euros, eu creo que si, que esas son políticas de xestión, que é imperdonable que por parte da Administración tendo tantos funcionarios, que se perda por non xustificar o CIM e son 40.000 euros, dicir que o Concello de Ares e os demais Concellos que se lles minorou non van a perder nin un solo euro, porque se esta negociando a Xunta e a Deputación un convenio, para que os Concellos que se veron mermadas as cantidades, se vai a facer un convenio no que a Deputación se fara cargo destas cantidades, eu creo que a Xunta e o Goberno Central se fixo uns recortes co tema do Plan Especial de atención xitana, o programa de atención de persoas sen fogar, pois non se vería afectado o que é o Plan concertado, eso practicamente o deixou nulo, entón a Comunidade Autónoma ten que seguir mantendo este servizo, e que por eso a situación e a que hai. Eu entendo que a situación é bastante difícil e decirlle o BNG que bueno estiveron no Parlamento dandolle estabilidade o goberno Central, eu creo que tiña algunha responsabilidade de que esto se aprobou nos presupostos de 2010, 2009, 2008, dandolle o apoio e estes recortes ian nestes presupostos que foron aceptados na Comunidade Autónoma e que o final repercuten nos Concellos porque o que incumple aquí é a Administración do Estado, creo que todos temos que esixir á Administración do Estado que cumpla co seu convenio que ten coa súa responsabilidade



e que mande os cartos para as Comunidades Autonomas para que as comunidades autónomas así mesmo repercutan nos Concellos e nos cidadáns, polo tanto nos vamos a rexeitar esta moción porque entendemos que por parte da Administración queda ben cumprido, queda comprometido de que esta merma vai a ser aceptada mediante un convenio entre a Deputación e a Xunta e creo que non ten lugar.

O Sr. Alcalde Presidente, manifesta que no acordó se lle pide as dúas administración que manteñan o nivel de inversión neste programa, no punto 1 se insta a Xunta de Galicia e no último se insta ó Goberno de España, o mantemento das cantidades que a Administración do Estado tiña destinadas o pasado ano 2010, se lle reclama ó Estado o que baixou e á Xunta o que baixou, esta moción o que persigue é que o Plan Concertado de 2012 sexa similar ó do 2010, sen os recortes do 2011, fixera quen os fixera, nos vamos a vatar a favor.

Interven o voceiro do BNG Sr. Mesías Farías, eu creo que non 2009 o BNG non apoio os orzamentos do Estado Español, o que si conseguiu foi que se destinase o 8% dos orzamentos a Galiza, outra cousa é que hai xa non pode entrar o BNG, é que si o destino final dese 8% dos cartos pois é real e se destina o que se ten que destinar.

Rematado o debate sometese a votación a Moción e o Pleno do Concello por 7 votos a favor 5 PSdeG-PSOE e 2 BNG, 1 Abstención do Grupo Municipal de NAL, e 4 votos en contra do Grupo Municipal do Partido Popular acorda prestarlle a súa aprobación e en consecuencia adoptar o seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galiza a restitución inmediata dos créditos eliminados para o financiamento do Plan Concertado do ano 2011, que significou o recorte de 2,4 millóns de euros, que permitirá continuar cos programas englobados no citado plan de servizos sociais e de prestación básicas e atención ás familias e colectivos con problemas.

2.- Instar á Xunta de Galiza e que nos Orzamentos do ano 2012:

*** Garanta como mínimo as cantidades consignadas no 2009 para o Plan Concertado e o Programa de Servizos Sociais Comunitarios.**

*** Atender así mesmo á execución do Plan Especial de Atención á Comunidade Xitana e o Programa de Atención a Persoas sen Fogar, polo gran incremento sufrido.**

*** Restablecer e incrementar os fondos destinados aos concellos para apoio ás familias.**

3.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado o mantemento das cantidades que a Administración do Estado tiña destinadas o pasado ano 2010 ao cofinanciamento dos plans e programas sociais, minorados polo acordó do Consello de Ministros no mes de febreiro pasado.



C) Moción BNG “POLITICAS DE PREVENCIÓN E TRATAMENTO DA VIOLENCIA DE XENERO”.

Dase conta da Moción do Grupo Municipal do BNG do seguinte teor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A violencia de xénero constitúe unha vulneración dos dereitos fundamentais das mulleres. É a manifestación máis clara e brutal da desigualdade aínda existente entre mulleres e homes na nosa sociedade, poñendo de manifestó que falta moito camiño por andar até rematar completamente coa discriminación e subordinación das mulleres e acadar unha sociedade igualitaria.

Nos últimos anos déronse pasos importantes no eido legal, superando a visión que reducía o problema ao ámbito privado e asumindo que a loita contra violencia de xénero é un problema de primeira orde e que na súa erradicación deben implicarse o conxunto de poderes públicos e toda a sociedade.

O parlamento de Galiza no ano 2007 deu un puxo moi importante nesta dirección ao aprobar unha lei específica que trata integralmente todo o referente á violencia de xénero. A citada lei, por vez primeira, fai un tratamento da violencia de xénero desde unha perspectiva integral, recoñece dereitos económicos e sociais para as mulleres que se atopen unha situación de violencia machista e impón unha serie de obrigas para as administración públicas de carácter tanto preventivo, como formativo e de asistencia ás vítimas. Máis hai outro cambio relevante que introduce esta norma, a apertura dos recursos sociais a todas as mulleres con independencia de que contén cunha orde de protección ou non. Unha medida necesaria que pretende incrementar os resortes institucionais de apoio as mulleres. A aprobación desta lei supuxo ademáis o compromiso firme de incremento dos recursos destinados na Galiza a loita contra violencia de xénero.

Non obstante a día de hoxe, e a pesar das diversas peticións do BNG, o goberno do PP na Xunta de Galiza, non puxo en funcionamento os instrumentos legislativos previstos para a protección das vítimas de violencia de xénero, é máis, parece considerar prescibeis e superfluas a maior parte das acción preventivas e doutro tipo que se viñan poñendo en marcha nos últimos anos de cara a erradicación da violencia de xénero.

Entre as previsións pendentes de desenvolvemento na Lei está a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xenero, un órgano institucional da Xunta de Galiza que ten por obxecto encargarse do estudo, avaliación e seguimento das políticas de violencia de xénero. Unha medida importante a fin de contar con organismos e persoal especializado que permita facer unha análise sostida no tempo sobre a efectividade das medidas tomadas neste terreo e, consecuentemente, mellorar a eficiencia das políticas e recursos que se adican a esta finalidade. Xa no informe elaborado a finais do 2008 pola



Secretaría Xeral de Igualdade sobre o desenvolvemento da Lei 11/2007, se puña de manifestó a existencia dun borrador de decreto no que se estaba traballando a fin de poder cumprir con este mandato legal de poñer en funcionamento o Observatorio, e a pesar disto, a día de hoxe, non hai ningunha medida ao respecto.

Xa o pasado ano, no mes de novembro, con motivo do Día da Non Violencia Contra as Mulleres puñamos de manifestó esta cuestión, máis estes e outros aspectos do texto legal fican aínda por desenvolver. Existen ademáis moitas medidas que é necesario seguir a impulsar de xeito continuado para lograr que sexan eficaces. Por exemplo, nas medidas de sensibilización social ou de formación das e dos profesionais que traballan en sectores relacionados, directa ou indirectamente, co tratamento de vítimas de violencia de xénero, cousa que non se está a facer. Non podemos permitir que se inclúan as políticas dirixidas á loita contra a desigualdade entre mulleres e homes entre esas materias das que se pode prescindir coa escusa da austeridade, mentres os cartos públicos se seguen a malgastar en outros temas de moita menos relevancia. A erradicación da violencia contra as mulleres debe ser unha prioridade de calquera goberno, que ten que materializarse na mobilización de recursos e no cumprimento das disposicións legais vixentes nesta materia.

Pero se non chegara coa paralización do desenvolvemento da lei e das políticas destinadas á prevención estamos asistindo ao desmantelamento das poucas estruturas básicas coas que a administración galega contaba neste ámbito, baste recordar a disolución realizada o ano pasado do Servizo Galego de Igualdade. Tamén se ve esta mesma tendencia na considerábel redución económica das partidas orzamentarias destinadas a sufragar o mantemento das medidas de prevención da violencia de xénero.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1.- Instar á Xunta de Galiza a que impulse a posta en funcionamento das obrigas impostas pola Lei 11/2007 que están pendentes de desenvolvemento, en concreto, a creación do Observatorio Galego da Violencia de Xénero e a posta en marcha do Centro de Recuperación Integral.**
- 2.- Que faga unha planificación para a realización de campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xénero, que se realice á formación das e dos**



profesionais implicados na atención e tratamento das vítimas, e que garanta o dereito á atención psicolóxica no ámbito sanitaria público cuestión tamén recollida na lei.

3.- Dar traslado deste acordó ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.”

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesías Farias, dando lectura a prosta de acordo antes trasncrita. Bueno aquí dase tamen outra circunstancia que é que debido a esas medidas relativas ó retiro da cartilla da Seguridade Social que o Presidente da Xunta di que ninguen via a quedar sen atención refírese a atención pola vía de urxencia, pero van a quedar sen atención no que é o medico de cabeceira, sen as recetas e nas visitas ós especialistas, que vai a pasar con esas mulleres que necesitan de atención psicoloxica que non teñen cartilla, estamos aquí nun tema moi delicado.

O Sr. Alcalde Presidente manifesta que abrese un turno para fixar posición, toma a palabra o voceir de NAL Sr. Luis Cendán Fernández, eu simplemente dicir, porque esto xa viu moitas veces a Pleno, dicir que todo o que se traballe o que se faga, para tratar de evitar sobre todo de perseguir esta lacra, pero por outra parte tamén quero dicir que ogalla que tema fora financeiro, de aportar máis cantidade e consignar máis cantidade na partida, me temo que igual que dixen no seu día cando se aprobou a Lei, xa dixen que ogalla me equivocara pero que non ía a ser a solución, porque dentro das personas non pode estar a Administración nin un garda, nin nada polo estilo, sobre todo nos últimos caso que se están dando, se pode mellorar en canto a financiar e outros aspectos, pero dificilmente creo que esto a corto prazo se poda polo menos minorar, os datos desgraciadamente nos din todo o contrario, polo tanto eu non sei se este será un tema formativo que haberá que poñer xa nos Colexios, pero algo ten que pasar porque esto cada vez se esta incrementando máis, polo tanto non me vou a extender máis, e dicir que a nosa posición vai a ser favorable, e que esto sirva para que se vaian reducindo sobre todo os casos que vamos tendo sobre todo nos últimos anos.

Toma a palabra o Voceiro do Grupo Popular Sr. Manuel Cendán Fernández, eu creo que esta Moción, eu lle pediría o voceiro do BNG que se retire porque todo o que se esta pedindo nesta Moción se esta cumprindo e se está levando a cabo, por exemplo no primeiro punto (Instar a Xunta de Galicia a que impulse a posta en funcionamento das obrigas impostas pola Lei 11/2007) decirlle que por unha banda o Centro de Ocupación Integral esta a punto de iniciar as obras de acondicionamento, o Consorcio Galego de Servicios e Benestar preveese que entre en funcionamento ó longo desta ano 2012, por outra parte o observatorio Galego de Violencia de Xénero, a súa creación preveese na Lei 11/2007, a recuperación integral da violencia de xenero está integrada nun Decreto da Lei 11/2007 que está xa punto de entrar en trámite de alegacións públicas, na que se está pedindo un consenso entre todas as forzas políticas e que esta xa en trámite parlamentario. No segundo punto pois exactamente igual, planificación para a realización



de campañas periódicas de sensibilización contra a violencia que se realice a formación das e dos profesionais implicados na atención, decirlle que esto pois exactamente igual non, no ámbito sanitario público cuestión tamén tamén rcollida na lei, en campañas periódicas de sensibilización contra a violencia de xenero dicir por exemplo que o día de San Valentín este ano no mes de febreiro, por parte da Secretaria Xeral de Igualdade se levou a cabo unha campaña dirixida a xente mais nova que baixo o lema “ O Amor precisa de coidados ” enviada nunha menxase para contribuir e promover unhas relacións de parella respetuosas e igualitarias entre adolescentes, mozos e mozas. Eso que estas pedindo xa se levou a cabo, e ademáis, o día 23 de setembro deste ano que coincideu co día Internacional contra a explotación sexual e trata de persoas, pois a Xunta fixo unha campaña en todos os medios de comunicación, e se veu reflexada e vos se facedes memoria do tema este, creo que aínda foi hai dous meses, e creo que eso o temos todos en presente, e no día 25 de novembro día Internacional contra a violencia de xénero tamén se fai por parte da Xunta de Galicia, se fai un acto Institucional e unha declaración Institucional deste tema, que se fara o día de mañá, eu creo que con esto, eu creo que esta Moción foi antes das eleccións, é un pouco electoralista, hai que ser un pouco sensibles, sabendo que estas cousas, por parte do Partido que a propón, que estas cousas se están a facer na Xunta de Galicia, sabe que o edificio está para facerse, que o tema que piden da divulgación de todo eso, por parte da Xunta se está cumprindo, non é o mesmo está moción que a anterior, ou que outras Mocións, dunha cousa que xa a Administración está executando, por eso nos lle vamos a dar o voto en contra.

Acto seguinte intervén o voceiro do Grupo Socialista, manifestando que nos a vamos a apoiar, dado que aínda que entendemos que a Xunta esta facendo cousas, canto máis sensible e máis se apoie moito millor, entón nos evidentemente estamos a favor da Moción.

Interven o Sr. Mesías Farias, e pide se lle pode repeter o Voceiro do PP o lema que dixo do 14 de febreiro de San Valentín.

Sr. Manuel Cendan “O amor precisa de coidado” creo que era así.

O Sr. Mesías Farías, todas as campañas que se fan están ben, o gran problema da violencia de xénero, e que se dan bastantes circunstancias, porque hai violencia de xenero en parellas que en teoría hai amor, e hai violencia de xénero naqueles casos, onde hai un matrimonio separado, polo tanto non hai amor, entón quero dicir que todas as campañas son.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que quere dicir que o principio a violencia de xénero empezou con xente de máis idade, entón se ve que últimamente



tamén con xente nova, enton se quitou se aproveitou o día 14 de San Valentín para xente nova, por eso se fixo esta campaña por parte da Administración, porque xa non é so a xente maior, senón que a violencia de xénero se está xenerando por parte da xente nova tamén, enton hai que concienciar e educar estamos a tempo por parte das Administracións de educar a xente nova, e entonces aproveitaron o día 14 que é o día de San Valentín, aproveitaron para facer esta campaña.

O Sr. Mesias Farías, di que todas as consecuencias teñen un precedente e o que está claro e están de acordo todos os especialistas no tema, e que a violencia de xénero non aparece de repente cando un é adulto, senón moitas veces hai un precedente na adolescencia, por certo o que dís ti que hai que preparalos antes non, de todas maneiras nos facemos sempre, nos o BNG ten moi mala sorte porque somos unha organización que adoitamos presentar sempre moitas mocións e entonces temos a mala sorte de que todos os anos hai eleccións e entonces sempre se dí que é unha cuestión electoral, nos que vamos facer, nos entendemos que as mocións hai que presentalas e que non vamos a renunciar a que cada ano axa eleccións, ben sexan municipais, e autonómicas ou xerais, en canto o que dicía Luis, quero puntualizar que si é certo que non é un problema de que se vaia a resolver directamente con financiamento o que pasa que as medidas que se teñen que tomar van directamente relacionados con que axa un financiamento, se queremos facer campañas periódicas de promoción e de sensibilización, e se queremos formar os profesionais, indubablemente que necesitamos diñeiro, sabemos que non é unha cuestión de poñer os cartos e que se acabe o tema, pero si que para facer un bo traballo necesitamos do diñeiro, non queda outro remedio.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, puntualizar nada máis, se nos estamos, se fora outro tipo de Moción, pero o que estas pedindo, nos apoiemos todo este tipo de Mocións, o que estas pedindo o está facendo a Administración, precisamente esta actuando neso a Administración, está facendo, o edificio, fixo a divulgación, esta facendo entendes, por eso nos creemos que non ten que estar a Administración, o que estas pedindo está actuando a Administración, neses dous puntos que estás pedindo está actuando a Administración, por eso nos dixemos ó principio que non ten razón de ser esta Moción porque xa está nestes dous puntos que pides xa esta actuando.

O Sr. Mesias Farias, di que nos facemos sempre a petición cando a cousa non está feita, e da mesma maneira que fixemos unha petición por culpa do Centro de Día, cando sabemos que o Centro de Día esta feito, como está feito non vamos a dicir nada, non, nos deixaremos de demandar e de facer estas demandas cando as cousas estén feitas, nada máis.

O Sr. Manuel Cendán, xa Emilio tes que darte conta que estas pedindo un edificio, que se está facendo, cando se remate entra, vai a entrar en vigor este ano, estamos a un mes, non sei se entrará en vigor en xaneiro, en febreiro ou en marzo, pero vai a entrar en vigor,



se está executando, unha cousa que se está executando eu creo que haberá que esixir ou facer unhas cousas que a Administración non esté facendo, pero se as está facendo non ten razón de ser, entón nos vamos a votar en contra.

Fixadas as posicións sometese a votación a Moción e o Pleno da Corporación por 7 votos a favor 2 BNG e 5 PSdeG-PSOE, 4 votos en contra do Grupo Popular e 1 abstención do Grupo Municipal de NAL, acorda prestarlle a súa aprobación a Moción anteriormente transcrita.

B) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL VIOLENCIA DE XENERO.

O Sr. Alcalde-Presidente, manifesta que agora ben a declaración institucional, onde en Comisión fixemos unha modificación, que en principio determinou a súa aceptación por parte de todos os grupos.

O Sr. Manuel Cendán, manifesta que eu creo que o que se debería facer en todas as Administracións, cando hai unha declaración deste tipo, por parte do Sr. Alcalde, mandarle o Sr. Secretario dar lectura da mesma antes de comenzar o Pleno, e se xa tes previsto darlle lectura mañá, non estaría de máis de que lle dera orde o Sr. Secretario de darlle lectura a Declaración Institucional.

Sometido o asunto a votación o Pleno do Concello por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación.

Acto seguinte o Sr. Secretario da lectura a mesma:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO.

CONCELLO DE ARES.

Un ano máis, conmemoramos o Día Internacional contra a Violencia de Xénero, motivo polo que o Concello de Ares quere facer un chamamento á sociedade e, nomeadamente, aos seus veciños e veciñas, para que se mobilice e se comprometa na loita contra esta inmensa crueldade que só produce dor, medo e morte nas mulleres vítimas nos menores que a padecen e nos seus familiares e amigos que a sufrirán de por vida.

A sociedade non pode nin debe tolerar este regueiro de vítimas, directas e indirectas, e cada persoa, cada familia, cada institución, cada comunidade –grande ou pequena- debe poñer todo o seu esforzo en erradicar a violencia de xénero.



Nos últimos anos, o Goberno central deu boa mostra do seu compromiso: A Lei contra a Violencia de Xénero, aprobada en 2004, dotou a Ministerios, Comunidades Autónomas, Concellos e Asociacións dos recursos necesarios –tanto legais como económicos- para a protección integral das vítimas e dos menores ao seu cargo. Grazas a dita lei, centos de miles de mulleres poideron ser atendidas, protexidas e salvadas deste cerco de terror e violencia ao que se vían sometidas xunto aos seus fillos e fillas, co propósito de acadar a recuperación da súa dignidade e a súa reincorporación á sociedade en plena liberdade.

Nembargantes, os recortes que algún Gobernos autonómicos están aplicando ás políticas sociais están afectando negativamente ás mulleres e á igualdade, o que se fai, sen dúbida máis difícil a loita contra a violencia de xénero. E é que a pesares de seren os responsables directos de por en marcha a protección das vítimas e de xestionar as axudas económicas decretadas para este fin, nalgunhas Comunidades Autónomas asistimos a recortes indiscriminados que amosan a falla de compromiso firme que sitúe a sensibilización e a erradicación da violencia de xénero nas prioridades da axenda política.

O Concello de Ares, moi concienciado con esta realidade, esixe dende o compromiso e a responsabilidade que, en base ao artigo 155 da Constitución Española, as Comunidades Autonomas cumpran na súa totalidade a Lei Integral contra a Violencia de Xénero porque a integridade das mulleres e dos menores debe estar garantida sen disculpas nin dúbidas.”

Antes de entrar no turno de rogos e preguntas, polo Sr. Alcalde-Presidente, preguntase se algún grupo ten algunha Moción que quere someter á consideración do Pleno pola vía de urxencia, presentándose polo grupo municipal do BNG a seguinte Moción:

Moción que presenta pola vía de urxencia para o debate no Pleno do Día 24 de novembro de 2011 sobre as datas de celebracións das Comisións Informativas.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA:

As Comisións Informativas veñen de sinalar uns días para celebraren as reunión. Na C.I. de Urbanismo non se resolveu aínda a petición do GM do BNG de celebrar as reunión os xoves, aducindo que queda penden de estudo. Na pasada semán xa se produciu a primeira incidencia xa que ningún dos concelleiros do BNG poideron asistir á reunión, caso que poderá resultar común no futuro e motivo polo que cómpre adoitar, con urxencia, un acordó que resolva esta situación.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

As Comisións Informativas son órganos sen competencias resolutorias, integradas, exclusivamente por membros da corporación correspondente. A súa función esencial consiste no estudo, informe ou consulta dos asuntos que deban ser sometidos á decisión do pleno e da Xunta de Goberno Local cando esta actúe por delegación do pleno, salvo naqueles casos nos que se deban adoptarse acordos urxentes. Tamén informarán aqueles asuntos da competencia propia da xunta de Goberno Local e do alcade/sa que expresamente lles sexan sometidos ao seu coñecemento.

Estes órganos exercen as súas competencias mediante a emisión de ditames de carácter preceptivo pero non vinculante.

Estas CCII, están integradas por concelleiros que posúen, entre outros dereitos económicos, dereitos de información ou dereitos de participación na xestión do municipio.

Polo que se fai necesario, para a realización dun bó traballo por parte de concelleiros e grupos, facilitar a asistencia ás mesmas tendo en conta as adicacións e peculiaridade laborais persoais.

No sentir democrático está a participación, polo que non se pode entender que non se chegue a acordos para favorecer esta.

Por iso solicitamos do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO:

1.- Sinalar como días para a celebración de reunión das Comisións Informativas, Xuntas de Voceiros e Comisións Especiais de contas, con carácter xeral, os xoves e venres planificando con antelación e mensualmente as datas e horas de celebración de ditas reunión ordinarias (exemplo en anexo).

2.- Distribuir as CCII segundo o acordó desta maneira:

SEMANA	DIA	REUNIONS
1ª	XOVES	2.- COMISIÓN DE URBANISMO, PLANS, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE.
2		
3ª	XOVES	2.- COMISIÓN DE URBANISMO, PLANS, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUCTURAS E MEDIO AMBIENTE. 6.- COMISIÓN DE EDUCACIÓN EMPREGO E OBRAS. XUNTA DE VOCEIROS.* COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS **



	VENRES	1.- COMISIÓN DE FACENDA, PATRIMONIO, TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA. 3.- COMISIÓN DE MULLER, INFANCIA, XUVENTUDE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS. 4.- COMISIÓN DE CULTURA, PERSOAL, POLICIA LOCAL, PROTECCIÓN CIVIL, SEGURIDADE E TRÁFICO. 5.- COMISIÓN DE DEPORTES E SERVICIOS MUNICIPIAIS.
ULTIMA	XOVES	PLENO.

***Podese cambiar por outra do venres.**

**** Previsión.**

ANEXO

REUNIÓN DO MES DE NOVENBRO.

DIA	HORA	REUNIÓN
XOVES 3	9.30 H	2.- COMISIÓN DE URBANISMO, PLANS, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUTURAS E MEDIO AMBIENTE.
XOVES 17	9.30 H 10.00 H 10,30 H 11,00	2.- COMISIÓN DE URBANISMO, PLANS, EQUIPAMENTOS, INFRAESTRUTURAS E MEDIO AMBIENTE. 6.- COMISIÓN DE EDUCACION. EMPREGO E OBRAS. XUNTA DE VOCEIROS. COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS **
VENRES 18	9,30 10.00 10,30 11,00	1.- COMISIÓN DE FACENDA, PATRIMONIO, TURISMO, COMERCIO E INDUSTRIA. 3.-COMISION DE MULLER, INFANCIA, XUVENTUDE, SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS. 4.- COMISION DE CULTURA, PERSOAL, POLICIA LOCAL, PROTECCIÓN CIVIL, SEGURIDADE E TRAFICO. 5.- COMISIÓN DE DEPORTES E SERVICIOS MUNICIPAIS.
XOVES 24	10,00	PLENO

- Toma a palabra o voceiro do BNG, para súa exposición: Dando lectura a xustificación da urxencia.



Resposta o Sr. Alcalde manifestando que eso xa foi resolto que lle dixo a Anxo que non, el molestouse, pero lle dixeran que os xoves tiñamos a Comisión de Goberno, dixerínllo de maneira verbal, e entendo que si se transmite de xeito verbal a decisión non fai falla poñela por escrito, efectivamente recordo que Anxo nunha Comisión volveu a decilo e nos lle respostamos que por culpa das Comisión de Goberno non era posible.

Interven o SR. Fernández Permuy, haber eu volví a lévalo a outra Comisión onde ti non estabas e se lle dixo que se estudaría o tema entón despois de aquela non se volveu a decilo, entón se quedou en estudialo, e certo que o que dis ti e que a primeira vez que fun eu que asistín a primeira Comisión, onde non puido vir Emilio e me diseches que non podía cambiarse pero posteriormente o volví a levar e se me dixo que se miraría.

O Sr. Alcalde di que o seu grupo vai a votar en contra da urxencia, porque entendemos que é un tema de axenda, e que nos temos organizados todos os días da semana, e dicir o mercores son os días da Comisión de Urbanismo, os venres son os días para o resto das Comisións, isto acordouse na lexislatura pasada, por parte de todos os grupos, o xoves é o día da Comisión de Goberno, temos pleno, cando hai Pleno tamén é o xoves, entón efectivamente queda o luns e o martes, para os Concelleiros non ter loxicamente na axenda cuestións institucionais, e loxicamente poder desenvolver o seu traballo fundamentalmente cos veciños, por eso digo que efectivamente non vemos xustificado a urxencia.

Interven o Voceiro de NAL, Sr. Luis Cendán Fernández, manifestando que, pediría que haber si existe maneira de buscar unha solución, facendo un pequeno esforzo, o ideal e que todo o mundo participe nas Comisións Informativas, eu non sei como tedes a axenda eu son partidario de que os Concelleiros participen nas Comisións Informativas, ¿non sería posible facer un pequeno esforzo de axenda e encaixala ahí?, Alcalde, estudar o tema a ver si hai maneira.

Sometida a urxencia votación o Pleno do Concello por 7 votos a favor (2 BNG, 4 PP e 1 NAL), E 5 abstencións do PSdG-PSOE, acorda ratificalo carácter urxente, e a súa inclusión na Orde do Día.

Toma a palabra o voceiro do BNG Sr. Mesias Farías, a min me parece increíble, que non se vote a favor dunha cousa para debatir, ¿Julio, que significa a resposta de que se está a estudar o tema?, o 19 de outubro, acta da Comisión de Urbanismo.

O Sr. Alcalde resposta que se contestou cando o volveron a plantexar e loxicamente se dixo que non.

O Sr. Mesias Farias, ¿tes algún motivo, sabendo que temos problemas os mercores, para que non estemos nas Comisións?.



Resposta o Sr. Alcalde que non, cando se fixaron as Comisións se lle preguntou a todo o mundo os días, e os Concelleiros do Partido Popular había uns días que non podían, entónces se acomodaron, entónces eu o xoves acomedei cousas miñas, entónces en función, eu acomedei miña axenda as necesidades dos demais, e agora as necesidades dos demais quedan cubertas e a miña que é o único día pois non, entónces eu conto cos xoves para unhas cousas, e agora tamén efectivamente se descoloca os xoves, entónces esa é a razón, e un problema única e exclusivamente do Alcalde.

O Sr. Mesías Farias, da lectura a exposición de motivos da moción anteriormente transcrita. Teño que dicir un detalle que sí e certo o que dis que na anterior lexislatura era os mercores, pero eu te digo as cousas, hai persoas que dependen do curso escolar, e hai teñen o seu horario, e non o saben algúns ata setembro e outros ata outubro, polo tanto da mesma maneira que ti te reservaches o detalle de cobrar a adicación que nun principio se deixaba sin cobrar cando se constituí o Pleno, a expensas do que ía a ocorrer cando comenzase o curso escolar, ou da túa situación, nos non votamos en contra deso, non sei se che pasan as actas, pero si as pasan non as lees, memoria non debes de ter moita. Ben pois de igual maneira nos nun exercicio democrático traemos aquí a exposición do Pleno que somos trece concelleiros, para que o Pleno decida si é posible chegar a estes acordos que eu digo, **sinalar como días para a celebración de reunión das Comisións Informativas, Xuntas de Voceiros e Comisións Especiais de contas, con carácter xeral, os xoves e venres planificando con antelación e mensualmente as datas de celebración de ditas reunión ordinarias e dou un exemplo no Anexo**, cal é o único cambio que o mercores pasa ó xoves, porque, porque a situación estaban sinaladas e había dúas reunión o mercores que son a de urbanismo e a de obras, estas pasarían o xoves.

O Sr. Alcalde : Tes cinco minutos para intervir e xa os pasache con creces.

Sr. Mesías Farías, estou lendo os acordos, nos sei que interese ten en que non cheguen os acordos.

Sr. Alcalde: estoulle a dicir que xa rematou a súa intervención. A periodicidade das sesión é competencia das Comisión de Goberno e do Presidente da Comisión correspondente, en competencia o Pleno non ten competencias para fixar a periodicidade, segundo todo está organizado para que funcione mecánicamente, e aquí os primeiros son os veciños, as Comisións de Urbanismo son os mercores porque logo os xoves se conceden as licencias, en consecuencia eu non teño tempo material, nin ninguén para ter as Comisións de Urbanismo os xoves é a hora da Comisión de Urbanismo conceder as licencias, porque hai que mandar cartas por escrito, hai que facer os informes, e se é o mercores a Comisión de Urbanismo, é porque ó salir dela os servizos administrativos preparan as licencias para aprobalas o día seguinte en Comisión de Goberno, e que o día seguinte da Comisión de Urbanismo os veciños xa teñan o escrito nas súas mans, se facemos as Comisións de Urbanismo os xoves non podemos aprobalas na Comisión de Goberno do mesmo xoves,



porque non estará a documentación preceptiva, e temos que ter o veciño coa obra aprobada e non se lle pode dar ata o xoves da semana seguinte, aquí efectivamente está todo mecanizado e funciona como un reloxo, e todo ten as súas explicacións, grazas a que as Comisións de Urbanismo son os mercores os xoves os veciños vanse coa licencia na man, e esa é a razón, e ademáis eu acomodei a miña axenda as necesidades de todos vos, eu me organizei cos días que sobraban, en consecuencia efectivamente hai un problema de axenda e un problema de interés vecinal, que si ás comisión de urbanismo son os mercores os xoves levanse a licencia na man, porque se aproba xa na Comisión de Goberno, e esa é a razón de ser, que non a compartimos, pois non a compartimos, pero vir a pleno a discutir un tema que non é de competencia do Pleno é terrible, cando se lle quere dar voltas ó que loxicamente non se comparte, e non hai máis voltas que darlle, entóns evidentemente está é a explicación non se trata de fastidiar a ninguen, temos nosas razóns, e mover Comisións é andar movendo a axenda, hai que mover totalmente a axenda, e por suposto que os veciños teñan que esperar unha semana para levarse a licenza a min non me parece razoable, mentres que si é o mercores a levan o xoves, pois da tempo a levar a Comisión de Goberno as licencias do día anterior. Si as facemos pola mañá non da tempo a levar a Comisión de Goberno as licencias aprobadas media hora antes, esa é a razón. Cando tiñamos a semana falamos todos con todos, e fixemos un calendario, e ese calendario se acomodou a necesidades persoais e a traballo administrativo entóns efectivamente a Comisión de Urbanismo porque é o mercores, porque nada máis sair se prepara a documentación e o xoves se da a licencia na Comisión de Goberno, entóns efectivamente todo funciona como un reloxo, non se trata de ningún capricho.

Interven a Sra. Martínez Martínez, eu penso que falando nos entendemos, eu te preguntei e setembro e verdade, ¿vamos a manter as Comisións como na lexislatura pasada?, ti me diseches que sí, vale pois eu me acomodo a teu horario, a min dabame igual o luns, que o martes que o venres, porque a min dame igual librar o luns que o martes que o mercores ou o venres.

Resposta o Sr. Alcalde, que o calendario que se fixo foi o da lexislatura pasada, eu no meu traballo cando hai Comisión falto, eu non tiven adicación exclusiva ata setembro e sempre que tiven algo eu viña aquí e a miña clase quedaba sen dar.

A Sra. Martínez Martínez, a min pasame exactamente igual.

Sr. Alcalde, chamaba o Decano e lle dicía papel do Secretario, xustificación Comisión, entóns facer o que facía eu, di no seu traballo que ten Comisión e ven, ou como faciamos os demais.



A Sra. Martínez Martínez, si pero el sabe o seu horario en outubro, e nos cando decidimos foi en setembro, e el non estaba na lexislatura pasada.

O Sr. Alcalde, resposta que como Concelleiro ten dereito a faltar o seu traballo cando hai Pleno ou Comisión, ten permiso do seu traballo como facía eu, e como facemos todos, e como fai José Juan, e todos os que teñen un traballo fora xa nos acomodamos, lle coincide mal, pois no seu traballo pide permiso como facía eu, pero é un trastorno para os veciños que teñan retrasada unha semana o papel da licencia e é un trastorno para os que temos unha axenda acomodada, agora efectivamente eu aínda así non discuto que no órgano correspondente co Presidente e a propia comisión, pero traelo a Pleno e ter gañas de enredar porque o Pleno non é competente para fixar, e senón o preguntamos ó Sr. Secretario, de feito na primeira sesión de cada Comisión o primeiro punto é “periodicidade das sesións” e eso acordouse na Comisión, eu creo que isto é crear un problema onde non o hai, cando non te vale a solución, volta e vota e logo o Pleno para xenerar mal roio.

Toma a palabra o Sr. Manuel Cendán, e preguntalle o Sr. Secretario, se a composición das Comisións ¿non ten que vir a Pleno?.

Resposta o Sr. Secretario que a composición si, pero a periodicidade das súas reunión se fixa na propista Comisión.

O Sr. Manuel Cendán, di que si estamos agora todos aquí, non entende o porque de lévalo logo a comisión, se vamos a debatir isto en Comisión, volver ó mesmo e vais air o mesmo.

Interven o Sr. Luis Cendán, haber Alcalde eu pediríate un pouco de sosiego e esforzo, para ver se hai maneira de buscarlle unha solución a este tema, aquí de que nos vamos a pronunciar, se é unha competencia túa ou da propia Comisión Informativa, non é necesario votar, eu creo que hai que facer un pequeno esforzó, incluso Alcalde se ti non podes un día presidir por calquer cousa non pasa nada, a Presidencia a ten a Concelleira ou o primeiro Tenente de Alcalde, eu entendo que as axendas están fixadas, buscarlle unha solución aínda que non sexa fixa.

O Sr. Mesías Farias, tiven a sorte de que non meu centro de traballo me permitisen conciliar dalgunha maneira a vida laboral e familiar, é unha sorte porque eu estou nun centro que non se pode conciliar a vida laboral e familiar porque temos horario de tarde, polo tanto unha cousa son os dereitos e outra cousa e que se poda, se o Centro no que estou traballando traballa de tarde porque é un Conservatorio e son uns estudos que digamos non son obrigatorios, o horario é de tarde porque precisamente o alumnado ten como prioridade os estudos xerais de primaria, ESO etc., tiven a sorte digo de que no meu Centro se me permitise conciliar a vida laboral e familiar dalgunha maneira, de que maneira, pois encargaronme de coordinar o que son as tecnoloxías de información e de



comunicación, eso me permite traballar en horario non directo ó alumnado, polo tanto podo poñer as horas no horario de mañá, e a Organización do Centro, decide cando me da o horario que a única maneira de cadrar os horarios é o mercores pola mañá, polo tanto eu o único día que traballo pola mañá é o mercores. Certo é que eu teño dereito a faltar ó traballo que pasa si eu falto ó traballo o 50% do mes, pois que o ano que ven me diran, que me parece moi bonito o teu dereito, pero nos temos que ter cuberto o traballo, polo tanto se non podes vir pola mañá teras que vir pola tarde, e eu vexo as miñas nenas un día pola mañá as nove e cuarto cando se van para o colexio, e as volvo a ver o día seguinte as oito da mañá cando se levantan para ir o colexio, nos estamos aquí todos, eu non sabía que esto non se podía traer a Pleno, pero eu entendía que si na Comisión non se me daba resposta, que o hai que levar a Comisión pois eu o levo a Comisión, pero ti tes que entender que eu non estou pedindo nada extraordinario, entre outras cousas porque si eu traballase de mañá toda a semana tanto me tiña pedir o luns o martes o mercores o xoves ou o venres, tanto me tiña, pero é o único día que traballo pola mañá, e dito esto tamén teño que dicir que se eu pido esto, é porque sei que se pode, e porque se pode, porque os que tedes Comisión de Goberno, tedes o traballo que tedes, e moitos deles estades aquí solo, eu non estou dicindo que non tiñades a Comisión de Goberno, eu so vos digo que o que facedes e mercores o facemos o xoves, e o que facemos o xoves o facemos o mercores, e outra cousa, falas que ó día seguinte a xente ten a licencia na man, e eu pregunto se vamos a priorizar a participación dos Concelleiros ou que funcione esto como un reloxo.

Resposto o Sr. Alcalde, que ti teras que faltar o teu traballo como fixen eu durante catro anos.

O Sr. Mesias Farias, ogalla estivera eu na túa situación.

Sr. Alcalde, perdona, eu cando faltaba os meus alumnos íanse para o bar, de acordo, porque a mín nunca me cubriron a baixa, na Universidade cando falla un profesor van todos para o self, eu cando faltaba lle pedía un papel o Secretario e ó día seguinte o entregaba ó Decano, porque antes que todo é isto, porque estamos aquí porque queremos, representamos os veciños porque queremos, en consecuencia efectivamente ti tes dereito a poder vir o mercores, que non queres exercitar o teu dereito, pois efectivamente eso pode implicar que algúns tampouco queiramos modificar a nosa situación nin a posibilidade de que os veciños cando van os seus proxectos o mercores a Comisión de Urbanismo o xoves vexan inmediatamente aprobada a súa licencia en Comisión de Goberno porque ten informe favorable do día anterior entón como comprenderes se valoran os intereses de todos e a parte de haber tido a Comisión, de haber falado dúas veces máis ou menos este tema, e traelo un Pleno onde non ten competencia sobre o tema, e darlle voltas.



O Sr. Mesias Farias, quería facerlle unha pregunta ó Sr. Secretario, ¿entón esto aquí non ten cabida?.

Resposta o Sr. Secretario que a Comisión na sesión constitutiva establece a data de reunión e a periodicidade, que pasa que si o Pleno adopta un acordo dun órgano que non lle corresponde, lle pode usurpar as competencias na medida de que todos estén de acordo, o acordo non se pode usurpar e nulo de pleno dereito, si unha competencia do Alcalde o Pleno adopta un acordo, e logo o Alcalde non esta de acordo non serve, si logo está de acordó si.

O Sr. Mesias Farias, di quen marca a orde do día das Comisións é o Presidente da Comisión e entóncesto ¿se pode levar?, aínda que non o vai a levar.

O Sr. Secretario resposta, que senón o regulamento orgánico prevee a convocatoria de reunións a petición dos seus membros.

Interven o Sr. Manuel Cendán Fernández, manifestando que agora se presenta unha moción por parte do BNG, terá que levar a mesma moción á Comisión Informativa, e se vota alí, tes que presentala igual, se o presidente non a leva, terá que presentar a iniciativa, rexistrala igual.

O Sr. Alcalde, di que o presidente, non é que a leve ou a deixe de levar, a levou dúas veces, se lle dixo nunha que non, e noutra sin estar eu, se lle dixo que se estudaríase, coa vontade de falar co Alcalde.

O Sr. Fernández Permuy, di que hai unha pequena diferenza que nos non sabíamos que se podía votar eso na Comisión, me entendes.

Resposta o Sr. Alcalde, vamos a ver vamos por partes, esto se o presentares por vía normal, e non pola vía de urxencia, esto xa o sabíades o venres que houbo Xunta de Voceiros, na que debatimos os asuntos a traer a Pleno e ben podíades plantexar esta, pero non preferides traela a Pleno pola vía de urxencia.

Interven o Sr. Secretario Xeral: O Regulamento Orgánico do Concello no seu artigo 34 establece punto primeiro as Comisións Informativas en sesión ordinaria coa periodicidade que estas acorden, e dicir é a propia Comisión Informativa, e logo tamén, habera sesión extraordinaria cando o seu Presidente o decida ou cando o solicite alomenos a cuarta parte do número legal dos seus membros.

O Sr. Alcalde manifesta que eso ten un cauce razoable no que se vos pode dicir que non, no que se pode votar e sair que sí, no que se pode votar e sair que non, e non o couce efectivamente tendo unha Xunta de Voceiros o venres, traer unha Moción pola vía de urxencia a un órgano que non ten a competencia.



O Sr. Manuel Cendán, manifesta con respecto a este tema, agora estamos aquí va a saír igual porque a representación vai a ser a mesma.

O Pleno da Corporación acorda deixar pendente o asunto.

Punto núm. 9.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Aberto o turno de rogos e preguntas, toma a palabra o Voceiro do BNG Sr. Mesías Farias, un rogo e unha pregunta referido a Resolución da Alcaldía 224/11, publicado no Xornal Diario de Ferrol o extracto da convocatoria para a provisión da seguinte praza “Oficial de 1ª”, unha vez comprobado o expediente referido á praza, o expediente que solicitamos por escrito, o primeiro constatamos un feito, para ser correcto, un feito feo, para ser correcto, e non é de recibo a forma nin o fondo relativo a este tema, unha praza que xa estaba cantada, o prazo 3 días, publicase o venres e dise a partir do día seguinte da publicación, obsexa sábado, o sábado no Concello funciona o rexistro, pero non funciona nada máis, o domingo é o segundo día, e o luns, víspera de festivo é o terceiro día, polo tanto, certamente 1 día, non sei se houbo antecedentes noutras prazas de convocar tres días, o que sí e certo é que tampouco foi publicada na páxina web do Concello de Ares. Do Tribunal que dicir, onde está a responsabilidade política, a puntuación no punto de méritos, máis que discutible, xa sei que somos os do non, polo tanto, decimos non, o que lle criticamos o PP, criticamosllo o PSOE, polo tanto pedimos coherencia, a contratación dixital de dedo nas Institucións Públicas non son aplicación das novas tecnoloxías á vida política.

O Sr. Alcalde, advirtelle o Sr. Mesías Sánchez, que lle faga o rogo ou lle faga a pregunta, en rogos e preguntas, e rogo ou pregunta, e senón presenta unha Moción pola vía de Urgencia, como sole facer algunha vez, e debatimos a Moción, fas un rogo ou unha pregunta, pero non me votes un sermón.

Sr. Mesias Farias: supoño que non te molestará que diga as cousas.

Sr. Alcalde non, quero que me fagas un rogo ou unha pregunta.

SR. Mesias Farias: o rogo é publicidade, mérito, capacidade, e menos contratos digamos que daquela maneira.

Sr. Alcalde, dime cal é aquela maneira, non vai ser unha acusación, calumniosa ou inxuriosa, eu o digo porque as cousas loxicamente se din e poden implicar sen dúbida algunha, pois unha menteria, unha falsa acusación, unha inxuría.

Sr. Mesias Farías: aquela maneira ven referida ós puntos que antes dixeran.

Sr. Alcalde: tres días di o Secretario que sempre é así, responsabilidade política, o Secretario non nos deixa estar ós políticos en ningún Tribunal porque efectivamente se aprobou no seu momento unha normativa que exclúe a presenza de cargos políticos, e eso o



tiñas que saber evidentemente, nos tribunais de selección de persoal. Entón responsabilidade política, non podemos estar os Concelleiros, porque desde hai catro anos en Ares non están os Concelleiros, non hai ningún Concelleiro en ningún tribunal de selección de persoal, absolutamente ningún, e lóxicamente, a capacidade e o mérito lle corresponde valóralo o Tribunal calificador, que me imaxino que o faría, e lóxicamente está claro que si tes algún dato que implique algunha ilegalidade ou algunha irregularidade, pois lóxicamente podes facer as denuncias correspondentes, non o tes porque compartir pero si podes facer o que te de a gana, si ves que hai ilegalidades, pois lóxicamente podes facer o que consideres oportuno.

Sr. Mesías Farías: unha pregunta: podía preguntarlle o Sr. Secretario porque nomeu ese tribunal.

Sr. Alcalde, os tribunais designanse de acordo coa lei, lees a lei e xa te explica porque efectivamente nomea este Tribunal, o tribunal se designa de acordo coa normativa aplicable, por certo un dato elemental, os propostos teñen que querer, ese é un dato fundamental, teñen que ser traballadores da Administración, non poden ser políticos, non podo obrigar a ninguén a estar nun Tribunal senón quere, entón efectivamente os designados son sempre Traballadores que mostran disposición a estar, hai traballadores que non queren estar nin de coña, e hai traballadores que efectivamente queren estar, entón esto se designa conforme á lexislación vixente.

Sr. Mesías Fariás, non me contestaches, non designou o Sr. Secretario o Tribunal, ¿quen o designou?.

Sr. Alcalde, se designa conforme a Lei.

Sr. Mesías Fariás: E dicir o designa o Alcalde, por eso dicía responsabilidade política, porque o político foi o que designou o Tribunal.

Sr. Alcalde, te estou dicindo que efectivamente se designa de acordo co sistema legalmente establecido, que non te vale a Lei, pois non te vale a Lei.

Sr. Mesías Fariás: cando se cumpre me vale.

Sr. Alcalde: pois isto é cumprir a Lei.

Interven o Sr. Manuel Cendán: eu cando estábamos falando do POS, me referín a outra obra importante que se está empezando a facer, que é a Praza da Constitución, na cal ese proxecto non pasou, por ningún órgano informativo, nin Comisión Informativa nin nada, e a sorpresa que eu fai dous días, os veciños me chamaron, eu non tiña coñecemento desa obra, de que se ía a executar esa obra, e o máis grave, están cortando as árbores, pero o máis grave dice que van a tirar o palco da música, eu creo que ese Palco estaba catalogado en Patrimonio,



ese Palco téñ unha historia detrás del e creo que eso para tomar unhas medidas unilateralmente por parte do Alcalde, esas cousas hai que meditalas aínda que hoxe, e sabemos que o Plan Xeral está caído, e as normas subsidiarias non recollen nada de Patrimonio, pero o Concello ten que dar exemplo de que unha cousa que esta catalogada en Patrimonio, e que ten un sentir o pobo sobre el, pois que hai que polo menos consultalo, falalo e debatilo, primeiro na Corporación, e non tomar esa decisión, porque creo que eso vai a traer bastante polémica, eu te podo dicir que estaba catalogado, e unha noite quitaron as placas do asento que había alí, as quitaron, as roubaron, había grava e recollimos a grava para podelas facer, se tardou porque as pezas houbo que facelas en chapa e se tardou un pouco, e houbo algún veciño que denunciou eso a Patrimonio e esta hai e podedes ver o expediente, e Patrimonio se dirixiu inmediatamente o Concello se fixera eso, e eu resposteí que se estaba facendo que roubaron as placas de pizarra e que as pizarras se estaban cortando á medida e se executou, quero dicirte que eso, que xa Rosa Miguelez empezou con este tema e tivo problemas, a continuación nosoutros non quixemos quitar nada que roubaron as pizarras, e creo que eso vai a traer bastante polémica se eres capaz de tirar eso abaixo, un rogo que eu te fago é que paralices eso de tirar o palco porque vai a haber un follón non pobo de tres pares de narices e poidendo evitalo e moito mellor evitalo, porque xa está é a terceira vez e vai haber lio, porque a tontería que foi dos asentos eses xa trouxo bastante polémica, e por parte de Patriminio requiriu inmediatamente o Concello para que colocase os asentos e así se fixo porque xa se estaba facendo, creo que eso vai a traer bastante polémica e debemos dar un exemplo, aínda que o Plan Xeral está caído, por parte de Patrimonio se nos vai a obrigar a que ese Palco siga manténdose en Patrimonio, e así se fixo co Plan Xeral de 2005, e o vedes no que había presentado eu, que todas as edificacións que teñen balconadas de madeira todas esixiron que se meterán todas no catálogo de Patrimonio e o Placo exactamente igual, eu creo que por parte do Concello temos que ter coidado con estas cousas, habera que buscar outras solución porque senón nos vamos a ver nun berenxenal, e non sei se os demais concelleiros lles pasou pero a mín me chorrearon onte e antonte os veciños con este tema, e a xente está indignada, eu non sabía nada non sei si é certo, onte preguntei polo proxecto, preguntei os Aparelladores e se me dixo que eso fora a Comisión de Goberno, pregunteille o Sr. Secretario e eso me di igual, que o tiña Isabel, e eu a última hora estaba co tema do expediente do Pleno non pude falar coa Concelleira que quería ver o proxecto, e vin o proxecto, non sei se o van a tirar ou non o van a tirar, ou como va a urbanización, o que si digo porque eu foi unha proposta que xa había dito varias veces cando eu fun Alcalde, de que había que tomar medidas coas arbores, esas arbores hai que quitálas, neso estamos de acordó porque levantan a praza e hai que buscar outro tipo de arbore, que non teña ese crecemento e que non levanten a Praza, creo que vai a ser coa maioría dos grupos políticos, coa maioría da cidadanía porque eso ten un valor sentimental que vai a traer problemas, e máis a ti Julio que estas gobernando e eso te vai a traer uns rompederos de cabeza se eres capaz de executar eso.

Resposta o Sr. Alcalde: Nas Alianzas Aresanas, a entrada te caeu a ti totalmente a entrada das escaleiras, nun edificio efectivamente de principios de século e non pasou nada



porque era cemento e morteiro, e se volveu a facer en non pasa nada, o Palco nos guste ou non é de ladrillo e morteiro se fixo con area de praia, e efectivamente o palco cumpriu a súa función e agora non cumpre absolutamente ningunha, evidentemente hai decisións políticas, no seu momento houbo unha decisión política que é catalogar o Palco, houbo unha Corporación que decidiu catalógalo, bueno pois agora estamos redactando outro plan de Urbanismo e haberá que tomar loxicamente outras decisións políticas, en consecuencia efectivamente esa é unha decisión política que como todas se pode compartir ou non, o Mercadillo non pode estar nas rúas do pobo, o mercadillo non pode estar efectivamente obstaculizando dúas ou tres rúas, o mercadillo, non pode estar xerando danos constantemente na pedra porque todos sabemos que son rúas peatonais, o grosor da pedra son 6 centímetros non está para que pasen furgonetas, xirando en parado o volante, entóns efectivamente estamos sen dubida algunha ante unha posibilidade de non querer gastar máis diñeiro en reparación da pedra, todos os anos facemos quince ou dezaseis reparacións na pedra, paseo hai trinta e dous puntos rotos, non nos damos sacado a rotura da pedra en enriba, e é o mercadillo coas súas furgonetas, en consecuencia hai un proxecto que persigue despexar a Praza da Constitución para mercadillo e loxicamente o Palco é un obstáculo en consecuencia hai un proxecto que persigue deixar a Praza da Constitución totalmente lisa, con novos arbores que non rompan coas súas raíces loxicamente o firme e cunhas pérgolas e bancos arredor para o disfrute efectivamente da xente, pero todo o interior vai totalmente libre para que vaia o mercadillo entóns é intención deste grupo de goberno quitar o mercadillo da rúa do mercado, da rúa diante do mercado, e da rúa diante da Capilla Evanxélica, porque os danos son constantes e permanentes, e o pero de todo, sabedes o que pasa hoxe, hoxe unha persoa tropeza e cae e temos indemnización de xuízo, e dicir a constante coas pedras rotas, é brutal non damos efectivamente feito para reparalas, e o pero de todo é que a xente maior cae, e temos que pagar gafas, temos que pagar rehabilitacións, e efectivamente x atemos outro punto negro que é a caseta de baños da praia do Xuncal, ese é un firme de madeira no que todo o mundo resbala, entóns nos vimos na disuntiva de ter que sacar o mercadillo que é o que causa o dano a unha pedras que están postas ahí porque se dí que é peatonal, son 6 centímetros de pedra, entóns eso esixe ter un espacio, non tiñamos praza para festas en Ares, porque non entraban os camións, hoxe cada un se trae o seu palco, o palco xa non se usa, hoxe nas festas cada orquesta trae o seu palco, e o camión, reformamos a praza da Igrexa entran todos os camións das melloras orquestras entra alí o palco, xa temos praza das festas, e agora nos fai falla un praza para os mercadillos porque os mercadillos colapsan o tráfico, e o peor de todo causan danos, o mercado recen inaugurado golpe do camión os baixantes de auga ide a velos, o mesmo día da inauguración, o que causa o dano non ven ó Concello a decirnos o seu seguro, non ven a dicir, fun eu este é o meu seguro, se causan os danos e todo o mundo escapa está o Mercado recién feito, golpeado por todas as esquinas, as pedras totalmente rotas, dous días á semana o tráfico cortado, non hai outra alternativa que preparar unha praza para un novo mercado e o palco non ten uso e do ano 1953 é de cemento e morteiro, feito con area de praia que ten sal, o que determina efectivamente que está



deteriorado amáñalo vale unha pasta, e total para nada porque non das subido nin as escaleiras non cumple a accesibilidade, porque non cumple a accesibilidade e por suposto ten unha placa de mármore que será rescatada e que será posta nun lugar significativo da praza, recordando que non seu día alí pois houbo efectivamente un palco, pero que loxicamente entendemos que é un obstáculo para o desenvolvemento comercial un mercadillo alí que non se usa que non ten valor loxicamente de Patrimonio, porque non ten, no seu momento se decidiu catalogar como si se decide non catalogalo.

O Sr. Manuel Cedán: non que o propuxera a Corporación, é que o impuxeron, hai un estudio feito pola Deputación Provincial que nos esixe ós Concellos meter todo eso, e agora no Plan Xeral nos vai a esixir meter todo eso, non é que o decidirá Vilasanchez e máis Doval, con respecto as Escolas do Porto, non caeron, nos mandaron porque non estaba catalogado, o bloque do Centro, e nos deixaron tiralo, o que estaba catalogado eran os dous edificios do extremo.

Sr. Alcalde: o edificio do Centro era tan antigo como os outros dous.

Sr. Manuel Cendán: non porque se foron facendo por fases.

O Sr. Alcalde, pregunta se era do ano 1953 como o palco.

Resposta o Sr. Manuel Cendán que se fixo por fases, primeiro se fixo a parte de alá, logo a de aquí, e finalmente a do medio, e na do medio se fixo así, pero Patrimonio non a tiña catalogada e a deixou tirar e a tiramos, como si poideramos tirar todo, nos o que queríamos, porque había un proxecto, outro proxecto e nos o cambiamos, nos queríamos deixalas como estaban, e a nos si nos deixaran tiralas, saía máis económico tiralas todas e facelas novas exactamente igual, nos queríamos deixar as Escolas exactamente igual do que estaban proba evidente e que nos paramos o proxecto que había, que ía nun rectángulo e nos deixamos a u tal e como estaba, paramos o proxecto e o paramos dous ou tres anos, e había dous POS hai metidos e o que te quero dicir, e que o digo eu porque eso vivino eu, nos mandaron no 2005 o estudio que hai de Deputación, feito do patrimonio nos esixían meter todo eso, e colles o catalogo que mandaron, e que o esixen meter.

Resposta o Sr. Alcalde, vamos por partes a Escola de Nenas, ¿a Escola de Nenas estaba catalogada?.

Sr. Manuel Cendán: si.

Sr. Alcalde, deixou de estar catalogada, e nos fixemos un proxecto e Patrimonio non interviu para nada, sabes porque, porque non estaba catalogada, na Escola de Nenas fixemos un proxecto magnífico e Patrimonio non interviu, para nada, porque, porque o instrumento que o instrumento que catalogaba unha Sentenza o declarou nulo, entón co palco pasa exactamente igual, é certo que é unha decisión política, a decisión política de meterle a Escola



de Nenas un piso máis de cemento e ladrillo, bueno hai xente que estéticamente non lle gusta era o diñeiro que tiñamos, e agora temos unha magnífica sala de exposicións, e cando teñamos diñeiro xa rellenaremos de pedra, xa intentaremos poñelo bonito, e co palco tamén hai outra decisión política, ¿necesitamos un sitio para un mercadillo? Ou non necesitamos un sitio para un mercadillo, o palco ten uso ou non ten uso, entón efectivamente priorizamos o comercio, priorizamos o mercadillo, queremos liberar as rúas, de quen constantemente lle causa dano e eso esixe efectivamente liberar a Praza da Constitución do Palco, eu sei que efectivamente eso me vai a xenerar problemas, porque moitos veciños non o compartirán pero Manuel gobernar é isto, gobernar e tomar decisión e efectivamente eu vou a apostar sempre polo comercio local, e quero efectivamente os seguintes e rehabilitar o Concello vello e poñer servicios os que van o mercadillo, e incluso dotar o Concello vello de pequenos despachos para que comerciantes os podan utilizar de almacen, e non ter que andar carrentando dous días a semana os martes e os xoves, entón o seguinte e rehabilitar a planta baixa do Concello para adicala a apoio ó Comercio de Ares, e liberar estas rúas do tránsito que implica o mercadillo, o peor de todo é que xenera danos descomunais, hai trinta e dous puntos de pedras rotas, eso vale unha pasta, e están rotas desde hai meses, e vamos reparando como podemos, entón apostamos polo palco efectivamente pois non, apostamos por outra cousa, queremos liberar esa praza, queremos adicala ó comercio, queremos dar o Concello vello de apoio ó comercio, e eso implica pois efectivamente desafacerse dun elemento que cumpriu a súa función pero que non ten ningún valor arquitectónico nin artístico es apuro cemento e ladrillo e efectivamente ten un valor sentimental, eu xoguei nel de neno, as decisión hai que tomarlas, hoxe non cumpre seu cometido ata esta mal situado, esta efectivamente nun sitio que é incomodísimo entón o mesmo que fixemos coa escola de nenas, estaba catalogada porque había un Plan de Urbanismo vixente, proxecto e a Patrimonio, e Patrimonio que diga o que queira, pois bueno co palco pasa igual, o instrumento que o catalogaba se declarou nulo e agora nos temos que tomar a decisión de catalógalo ou non, nosa idea e non catalógalo para adicar o palco a unha gran praza do comercio, e levar mercadillos, e fomentar esos mercadillos de elementos de segunda man, os actos do magosto, os reis, efectivamente facer do palco un lugar de encontro que non pode ser a praza da Igrexa, porque a praza da Igrexa puntualmente serve para as festas, pero segue tendo tráfico rodado, serve para as festas nos momentos de festa, o resto dos días todo o tráfico ó muelle pasa por alí, no palco non, no palco non hai tráfico, e esa é un pouco a decisión que tomamos Manuel, esas son as razóns polas que loxicamente vamos a potenciar o comercio e que as asociación e os eventos se celebren nesta praza e un pouco por recuperar nese sentido estas rúas, dun mercadillo que as está machacando.

O Sr. Manuel Cendán, me queda outra pregunta, co tema do Plan Xeral, o Plan Xeral habíamos empezado na lexislatura pasado, tivemos varias e reunións que viñan os técnicos nos explicaron, e xa estas últimas semanas estou vendo que houbo varias reunión sobre o Plan



Xeral e a noso grupo non sei se o BNG non se nos convocou, pero o que é o grave é que había unha Comisión ou Xunta de Portavoces, e cando sallo veño nesa reunión a un personaxe que non é nin Concelleiro, parece lamentable, que aparte de andar con documentación por aquí de arriba para abaixo, me parece lamentable que un tema que xa trouxo conflito a vez pasada que nos advertimos no Plan Xeral anterior, e este está empezando peor que empezou o anterior, eu creo que o que temos que ter é información os grupos políticos, o Plan Xeral e de todos, vai a ser por todos, outra cousa é que cheguemos a un acordo final ou non cheguemos a un acordo final, pero creo que ninguén puxo o pé nin interrompeu por parte de ningún grupo político a reunión ou información que se nos está dando polos técnicos para que agora se coharte que dous grupos políticos non participen e non se lles de información por parte do Plan Xeral, o que máis lamentable me parece e que vexa unha persoa que non é nin concelleiro andando con papeis de arriba para baixo, chegaron a un departamento a pedir documentación, e aínda por riba estar nunha decisión dun plan xeral que non estamos os Concelleiros nin os grupos políticos, me parece lamentable, eu esto o tiña que dicir, se mal empezamos mal vamos a acabar.

O Sr. Alcalde: Na anterior lexislatura non, na anterior máis cando ti eras Alcalde eu me enterei do Plan Xeral cando estaba feito, me dixeron un día tes un CD ahí, e eu dixen a, e me deron un CD, o mesmo día que se aprobaba inicialmente para enviar á Xunta, logo veu o informe da Xunta con coarenta e catro puntos, mira canto participei eu na redacción dese, que me diron un CD o diron feito, non é que non fora a ningunha reunión, e que eu como Concelleiro do Partido Socialista, e os Concelleiros do Bloque non o vimos ata que estaba en CD, mira ti o que participamos nos, para ti agora te queixes, entón eso fíxeches ti estando no goberno, o collimos con cariño e decidimos facelo o noso documento inicial, eso no que non participamos, eso que fíxeches ti se explicou estando eu de Alcalde, que empezei a convocar Xuntas de Voceiros para que o equipo redactor viñera a explíarnos na miña lexislatura o que ti fíxeches e non explicaches na túa, entón efectivamente na lexislatura pasada eu cada quince días convocaba unha xunta de voceiros para explicar o que ti non nos explicaches nunca, chegamos a un punto de inflexión, cal foi este punto, non salvábase os núcleos rurais a Lei non nos permitía salvalos e nunha xunta desas, dixemos nestas condicións non o vamos a aprobar, e decidimos efectivamente darlle un parón, porque se estaba tramitando unha modificación da lei do solo, por certo a quinta da anterior lexislatura que permitiría salvar os núcleos rurais, lle dimos un parón para que se aprobara esa lei, en febreiro efectivamente do 2009, se aproba efectivamente esa reforma, o que implica que salvamos os núcleos rurais, e entón nos volvemos a reunir e volvemos a explicar efectivamente os núcleos unha vez que se explicou nesas comisións, a todos os grupos as zonas urbanas, as zonas rurais, unha vez que se explicou todo lle dixemos a Fernando Delgado agora corríxe as 44 suxerencias os 44 obstáculos que te puxo a Xunta por escrito, entón todos nos retiramos para que empezara a traballar o equipo redactor en adaptar o que ti fíxeches sendo Alcalde e nosoutros explicamos na lexislatura pasada á lexislación vixente, que é esa reforma da Lei do Solo e as 44 suxerencias que manda Urbanismo, e o equipo se retira a facer eso, moi ben é un



traballo técnico e complexo, entóns efectivamente buscando unha estabilidade para facer esos traballos chegamos a un acordo con un dos grupos que é NAL, evidentemente nese acordo que diseñamos, bueno pos diseñamos primeiro respaldar a tramitación do Plan é dicir que o equipo redactor salve todos os núcleos de acordo co que nos permite a lexislación xa que antes da reforma era imposible e adaptar o Plan os 44 obstáculos que lóxicamente sinalou a Dirección Xeral de Urbanismo, pois efectivamente neso estamos e quenes estamos neso, bueno pois estamos os dous grupos políticos, que estamos dando impulso á redacción do Plan un deles coa responsabilidade de coordinar a súa elaboración como vichedes na resolución que viu por escrito no Pleno pasado e hai efectivamente nosoutros traballamos lóxicamente de acordo coas aportacións e cos criterios que efectivamente determinan, como se determinan eses criterios, bueno pois o grupo socialista vai quen considera oportuno o Grupo Socialista, quenes van, o Concelleiro de Obras a Concelleira de Urbanismo e Ramón Lueje, unha persoa que coñece moitísimo desto que non é Concelleiro pero que coñece moitísimo desto e que está axudando o Grupo Socialista, e por parte de NAL pois vai NAL e quen considera que lle pode axudar, entóns quenes están nesas reunións, pois con toda a sinceridade do mundo, están Concelleiros Socialistas cunha persoa de confianza do grupo Socialista que nos está axudando, Concelleiro de NAL coa persoa que el considera oportuno, se considera que lle pode axudar alguen, e logo están os equipos técnicos co único obxectivo de cumprir o mandato da xunta de voceiros, e dicir defender os núcleos rurais e corrixir as 44 obxeccións da Xunta, unha vez que eso este feito volve á Xunta de Voceiros onde estamos todos, porque ata agora o estamos facendo con NAL, pois porque temos un acordo político con NAL, que pasaría se non tiveramos un acordo político con NAL que o estaríamos facendo nosoutros solos, pero co obxectivo de lévalo á Xunta de Voceiros onde están todos, entóns o que teríamos que facer nos solos para levar a Xunta de Portavoces pois o estamos facendo cun grupo político con toda a sinceridade do mundo, e dicir o podíamos estar facendo con outro e dixo que non, efectivamente dixo que non, en consecuencia podía haber estado outro grupo, eu efectivamente busquei os sete votos, e sen dúbida algunha eu non confío na vosa colaboración (dirixíndose o BNG), porque votades a todo que non, non os vale nada, tedes sempre vosas razóns para non apoiarnos en nada, eso tamén rompe a confianza.

Toma a palabra o SR. Manuel Cendán, eu o que fixen cando viu unha subvención foi dicirlle a Fernando Delgado, adapta o Plan o que había, adapta as ilegalidades que nos habían advertido e adaptao á Lei, e non lle tocou ningun o Plan, e se lle encargou a CEINSA, no momento que CEINSA trouxo o Plan adaptado o que nos mandaba o tribunal, mais adaptalo porque cambiou a Lei do Solo de Galicia, había cambiando se entregou ós grupos pero aquí ningún Concelleiro do PP, ningún funcionario nin eu vimos o Plan, no momento que se entregaron os CD eran para os grupos políticos, era para estudo e debate, pero no Plan Xeral non se lle tocou nada nin se fixo nada, era o Plan Xeral vello adaptado á nova Lei do Solo e as dúas irregularidades que nos mandaban que era que tivemos que medir o Parque e buscar as



zonas verdes que habíamos incrementado porque tiraron o Plan Xeral polas zonas verdes, e por dous viais, eso foi o que fixo no Plan o Plan era exactamente o mesmo, era adaptalo e despois adaptalo á Lei, se entregou os grupos e despois os grupos empezaran a traballar sobre el, e hai quedou pero non se tocou por parte de ninguén do Concello nin por min nin por ningún Concelleiro do PP e están ahí, e ningún técnico municipal se enterou de nada porque foi adaptalo, adaptar esas irregularidades polas que caeu o Plan, adaptalo á normativa e a nova Lei do Solo de Galicia, e tan pronto nolo entregou eu volo din a cada grupo político, e se mandou a Santiago haber que nos decían deso, e xa non estudiamos nada e non houbo ningún debate nin se traballou sobre él, eu o que te digo é unha cousa, a mín a intencionalidade e o dixeran por activa e por pasiva cando foi o Plan Xeral antigo, e non vos achaco nada ós Socialistas porque non fuchedes vos os culpables do Plan Xeral, cando se aprobou o primeiro Plan o primeiro estudio, que foi o dos nucleos rurais nos votamos a favor, nosoutros participamos, nos como grupo presentamos 18 alegacións, cando nosoutros sabíamos que se estaba facendo o Plan Xeral se ía a Coruña, o sabíamos polas resolucións, e polos viaxes a CEINSA, se nos estaba negando e se nos quixo apartar, cando nos presentamos, alegamos como grupo político fixemos 18 alegacións, na Comisión Informativa, e na Comisión Informativa que estaba Salvador el quixo, pero por parte do BNG non se quixeran discutir as alegacións do Partido Popular que no seu día era o grupo maioritario na Corporación, non quixo nin discutilas, e se armou lio porque non se quixeran nin discutir, e entón se levantou a Comisión e se armou o “jiri jai”, e este caso é exactamente igual, os estamos advertindo, dicindo que a min non me parece ben, e ese Lueje, dese tipo que foi precisamente ese tipo que non me quixo recibir a mín como Alcalde, que o chamei, me recordó que entrou o mes de agosto a gobernar, no ano 2005 e eu o chamei, e as desculpas as mandei por escrito, por fax, por teléfono e me decía que estaba de vacacións, me parece insolito que un tio que entre nun cargo público no mes de agosto e xa se vaia de vacacións, e en dous anos non me recibeu a mín, e precisamente foi el quen lle meteu caña o Plan, o Plan foi ese señor quen lle meteu caña, ese Lueje que estaba de Director Xeral.

O Sr. Alcalde resposta porque o Plan estaba mal.

Sr. Manuel Cendán: Haber Julio hai cousas que foron a por el políticamente, ti non me digas a min que non, ti non sabes que na Rúa Real lle manda baixar unha altura, os polígonos que están desenrolados e aprobados pola Xunta que os tirou abaixo, edificacións que están feitas, desfacer medio pobo, unha cousa que está aprobada pola Xunta e que te digan que tes que baixar unha altura na Rúa Real, na rúa dos Anxos e desfacer polígonos que foron aprobados pola Xunta o Estudio de Detalle, e acabar nos polígonos os que se desenrolaron cinco ou seis polígonos que se desenrolaron e que digan que están mal, cando están desenrolados, apaga e vámonos se non foron políticamente polo Plan, a mín me parece ben que te digan que aquí non se pode edificar, pero que te digan dun Plan Xeral aprobado pola Xunta como é baixo mais tres na Rúa Real, e que te digan que tes que baixar unha altura cando están feitos, agora dille ti os veciños que quedan fora de ordenación todas esas ruas, eso foron



políticamente polo Plan aparte outras cousas, que estarían mal, eso xa o sabemos, tamen van a estar mal agora, o Plan Xeral que se presentou alí no 2005 foron politicamente a por el, eso que che quede claro, e eso se o siguen mantendo non hai Plan Xeral en Ares nunca na vida, se siguen mantendo acordate que estades perdendo o tempo no Plan Xeral, porque hai que desfacer metade do pobo, se siguen mantendo a resolución deste señor, apaga e vámonos que estades perdendo o tempo e o diñeiro. Como grupo político eu dixen que o casco urbano está ben, temos que apostar polos nucleos rurais, hai que apostar polos solos de desenrolo na zona dos núcleos, desenrolar os núcleos rurais, hai é onde temos que ir e a xente que vaia a segunda residencia, ou a primeira que fagan casas, e onde temos que ir, nos neso estamos de acordo no fundamental vamos a estar de acordo, a min me fastida ver xente que non é Concelleira polos despachos pedindo documentación.

Resposta o Sr. Alcalde: A túa postura quedou definida, agora entende que non hai nada raro na nosa, temos cada quince días Xunta de Voceiros, se explica o Plan, chegamos a un calexon sin saída, paramos, nos entederamos que hai unha reforma da Lei do Solo decidimos esperar, se fai a reforma da Lei do Solo e hai que adaptar o que fixeches ti a esa Reforma da Lei do Solo, e se lle dí a CEINSA faino, CEINSA podería estar facendoo na Coruña e logo traelo, bueno pois CEINSA o está facendo con Concelleiros Socialistas e co Concelleiro do NAL, e dicir estamos a supervisar o traballo de CEINSA, cando CEINSA teña feito o seu traballo volvemos as Xuntas de Voceiros, e volvemos a expoñer o que hai, e CEINSA deberá de dicir porque aquí esto, porque aquí esto, e porque aquí esto, cal é única diferenza, e o digo de corazón e non estou falando mal de CEINSA, a Fernando Delgado ou lle marcas o ritmo, ou non entrega o documento inicial na vida, entonces que comprobamos, que si lle decimos a Fernando Delgado adapta e trae pasan os meses e non hai nada que facer, pero si un Concelleiro Socialista, ou o Concelleiro de NAL que é o coordinador lle din para a semana ven, hostia! Como un reloxo, entonces estamos forzando que cumpra o prazo, Fernando Delgado ven a explicar o que está facendo porque si nos despistamos outra prórroga para ano que ben, porque non da feito o que estaría facendo Fernando Delgado no seu despacho o está facendo porque o estamos marcando para que cumpra, unha vez que o entregue volve á Xunta de Voceiros con todo, e volvemos a expoñelas en proxección todo e hai os grupos diran, esto me gusta, esto non me gusta, e eso sí, onde estén sete votos vai para adiante, sete votos é a maioría para aprobalo, eu non digo que lle vaíamos facer caso a todo o mundo, pero o que si vai haber oportunidade de discutir e alegar, agora logo se vota, eu efectivamente co acordó con NAL que persigo no ter un traballo en balde, garantir unha maioría suficiente pero sen excluir a ninguén, todos os voceiros decidimos nunha decirlle a Fernando que trouxera todo adoptado a Lei e é o que está facendo Fernando, o fai diante de nos porque senón non cumpre e o obrigamos a vir aquí unha vez á semana, cando veña eso que é o mandato que lle dimos todos o proxectamos na parede e todos falamos agora eso sí onde haxa sete votos vai a misa, agalla sexan trece pero onde hai sete votos vai a misa, entonces efectivamente é así, o Plan cando veña volve a ir a Xunta de Voceiros, e cada quince días o vemos todos, e hai cada un alega o que queira, e se lle facemos caso ben, e se non lle facemos caso, e se aproba cando se publique volvan a presentar



alegacións, non está o procedemento coartado en absoluto, hai un mandato de que CEINSA O traia, e se esperamos por CEINSA vamos listos, e temos dous Concelleiros, o coordinador e a Concelleira de Urbanismo enriba de CEINSA para que cumpra, e é o único que está pasando agora, que CEINSA cumpra e cando o entregue, que o entregue un documento inicial volve a Xunta de Voceiros e todos os grupos a opinar, e dicir volve ó punto en que o deixamos, agora evidentemente non sei é unha maneira de traballar, pero aquí os documentos os vai a ter todo o mundo, na xunta de voceiros cada quince días, ata que todos estemos de acordo, ou ata que o que hai teña sete votos, se ten sete votos eu tampouco vou a deixar que ningún grupo o paralice, una vez que teña maioría vai a aprobarse, porque o pobo necesita un Plan.

Interven o Sr. Mesias Farias: relativo a esas reunións que falastes onde esta representado o PSOE e o NAL, eso que pasa ¿é constituída unha comisión de seguimento?.

Resposto o Sr. Alcalde que son traballos onde se cita o que redacta o Plan.

O Sr. Mesias Farias, pregunta se hai remuneración os asistentes.

Resposta o Sr. Alcalde, non que va, son reunión de traballo que de feito asiste xente que non é nin Concelleiro, por parte do grupo Socialista asiste Ramón Lueje, e por parte de NAL asiste un colaboradora de Luis, eso realmente é un traballo político, son dous grupos que chegaron a un acordó e o están desenrolando.

O Sr. Mesias Farias, nos eso o vemos lícito, pero si o que se intenta é que teña o máximo apoio ou consenso eu creo que tamén se deben de informar dos pasos que se están a seguir.

Sr. Alcalde, ti me constesches por carta se queres a traigo e a leo, me dixeches a postura do BNG dependerá do contido do documento inicial, estas dicindo que ata que eu te leve o documento inicial ti non me vas a dicir nada, pois eu cando teña o documento inicial o levo.

O Sr. Mesias Farias: non estaría demáis que nos foxemos informados de que se estaba traballando nese documento inicial con xente que non é do Concello.

Sr. Alcalde: eu falo do Plan de Urbanismo con quen eu considero oportuno, poido ir a falar cun abogado, cun enxeñeiro ou comentalo na Agrupación socialista, diante dos militantes, ese é un desenrolo político, o traballo de trámite o administrativo onde vosoutros non podedes estar excluídos é nas xuntas de voceiros, que son remuneradas, convocadas oficialmente, estas son reunións como as que teño eu con xente do meu partido ou calquer outra persoa, non teñen nada que ver con reunións administrativas.

SR. Mesias Farias: Non digo que non reunas, aproveitando algunhas veces que nos vemos, ven nunha xunta de voceiros, ou ben nunha Comisión de Urbanismo, non estaría



demáis que se nos dixera que no punto no que estamos no Plan é que nos estamos reunindo, ven este tal Lueje, nos estamonos enterando aquí.

O Sr. Alcalde, resposta que con quen me reuno eu a ti non te importa, ¿te teño que dicir eu con que me reuno?, é alucinante, aínda me entero que me reuno con Lueje, e a ti que te importa.

O Sr. Mesias Farías, e o Avance Inicial do Estudio Medio Ambiental ¿tampouco nos importa?.

Respota o Sr. Alcalde: aínda non esta, a Evaluación Ambiental extratécnica, é un documento técnico, o documento inicial hai que acompañalo dunha avaliación ambiental, entón mentres non teñamos a avaliación ambiental non temos documento inicial, e a evolución ambiental é o impacto non que pode ter o Plan, é os condicionantes medioambientais que temos que ter en conta para desenrolar o Plan, entón por eso é previa, son documentos técnicos, e acordamos en Xunta de Voceiros, que cando teñamos o documento inicial ven ós órganos.

O Sr. Mesias Farías, pregunta se esta a exposición pública por si hai algunha reclamación.

Resposta o Sr. Alcalde: non o sei ese trámite o descoñezo.

Sr. Mesias Farías: eso quen o mandou a Xunta, ¿Secretaría?.

Resposta o Sr. Secretario que o mandou o Concello.

Sr. Mesias Farias: e non hai maneira de cando se mandou de dar a información.

Resposta o SR. Alcalde: estou dicindo que cando o tiñamos vai ir a unha Xunta de Voceiros. Seguidamos dando os pasos do mandamento de xunta de voceiros, de redactar un documento con todos os núcleos rurais, sen renunciar a ningún, porque decidimos non renunciar a ningún, e eso lévalo a discusión e hai é onde os grupos darán o seu posicionamento.

Interveno SR. Luis Cendán: manifestando que para eso está fixado un cronograma, eso é automático se presentou, tivo un fecha, e o informe preceptivo da Xunta é necesario para seguir traballando, e agora en función de cando acabe o prazo se empezará a traballar a empresa nel.

O que di o Alcalde ten razón, ten un técnico que sabe de urbanismo que o está guiando, aparte da persoa que máis coñecemento ten en canto ó término municipal de propiedades e eso que lle esta facilitando a Fernando Delgado o que é a orografía de Ares.

O Sr. Alcalde: Manuel se refire a Juan Angel, que foi concelleiro de urbanismo, Juan Angel ten un coñecemento de todo o territorio que é impresionante, un día falando con Luis viu



acompañado de Juan Angel, sabe de quen son as propiedades, e dicir ten un coñecemento moi profundo do término municipal, e en consecuencia NAL di, pode vir acompañando. Son reunión políticas, cando NAL e o PSOE se reúnen, son reunión políticas, vai quen quere como si vai o meu Secretario de organización.

O Sr. Manuel Cendán, fi que aquí a tres traballadoras por vir pola tarde, entraches ti e lles abriche un expediente, unha era miña Secretaria e outro viña pola parte a facer o Plan Concertado, unha que miña Secretaria particular e outra que coincideu de vir a facer o Plan Concertado duas tardes lles abriche un expediente informativo.

Sr. Alcalde: Manolo ¿Por qué se lles abreu expediente?, cales foron as razón, foi por eso, porque si lle abrín expediente por eso eu estou xulgado por prevaricación, lle abrin un expediente por partidismo, por eso o gañaron. Preguntalle o Sr. Secretario ¿lle abrin expediente por vir a traballar polas tardes?.

Resposta o Sr. Secretario: Non.

Sr. Alcalde: Abrin un expediente, e o gañaron elas, por eso perdin. Unha cousa é empleados públicos facendo campaña política, esa foi razón.

Sr. Manuel Cedán: Eu nunca mollei a ningún empleada do Concello.

Sr. Alcalde: Non nada, Montse está procesada no do fraude electoral, porque quixo ela, non porque quiseches ti, estas procesado por eso e Montse tamén, que era a túa persoa de confianza, non me fastidies Manuel, non saques temas que non proceden, pero non me digas que non mollaches a ningún porque mollaste a Montse nun tema de fraude electoral, e o dí o Fiscal, que non o digo eu, que está imputada, quen está procesado pola miña culpa, e pola tua culpa está procesada unha funcionaria, entonces non me digas chorradas.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e vinte minutos do día ó comenzo sinalado, polo Sr. Alcalde-Presidente, levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,



CONCELLO DE ARES *(A CORUÑA)*

Avd. Saavedra Meneses nº 12 - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E